

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VILABOA PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “HUMANIZACIÓN DA CONTORNA DA CASA DO CONCELLO DE VILABOA (PONTEVEDRA)”, NO MARCO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA - PLAN EXTRA.

Documento asinado electronicamente por:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VILABOA PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “HUMANIZACIÓN DA CONTORNA DA CASA DO CONCELLO DE VILABOA (PONTEVEDRA)”, NO MARCO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA - PLAN EXTRA.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, D. Luis López Diéguez, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como presidente deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), e o artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA).

Doutra parte, D. César Poza González, quen actúa no nome e na representación do Concello de Vilaboa, en virtude da súa condición de alcalde-presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da LRBRL, no artigo 61.1 da LALGA e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúa D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I. Que ambas institucións comparten como principio común que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e, polo tanto, partícipes fundamentais nos eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadanía poidan acadar os mesmos dereitos e servizos.

II. Que o artigo 36.1.d) da LRBRL, atribúe ás deputacións competencia en materia da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Así mesmo, o artigo 109.1.b) da LALGA, atribúe como competencia propia a prestación da asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos que

teñan menor capacidade económica e de xestión. A estes efectos, segundo o artigo 114.c) da mesma lei, a asistencia económica poderá revestir a forma de subvencións.

III. Que a actuación obxecto deste convenio encádrase dentro das competencias asumidas polos concellos ao abeiro dos artigos 25 da LRBRL e 80 da LALGA.

IV. Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da LRBRL e 198 e seguintes da LALGA.

V. Que o Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra está deseñado como unha ferramenta de apoio adicional en beneficio dos concellos, co obxectivo de que os municipios dispoñan dun mecanismo de axuda innovador adaptado ás súas necesidades, con capacidade financeira suficiente e dotado da maior flexibilidade para permitirles afrontar os retos que a cidadanía demanda nos seus respectivos territorios locais e, por tanto, contribuír á potenciación do territorio provincial no seu conxunto e construír unha provincia máis forte e moderna, unha provincia onde vivir mellor e, en definitiva, con máis servizos e de máis calidade.

Trátase dun plan que xorde da necesidade de que as administracións orienten a súa planificación de investimentos cara a fins de relevancia estratéxica, co fin de equilibrar a prestación dos servizos en todo o territorio e de acadar investimentos atractivos que contribúan a mellorar as dinámicas demográficas e sexan investimentos públicos operativos, eficientes e transformadores cun efecto positivo real no modelo de vida que queremos para a nosa veciñanza.

VI. Que neste contexto, a Deputación aprobou as Bases Reguladoras e Convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra mediante o acordo plenario núm. 2.8272, adoptado na sesión extraordinaria de 18 de outubro de 2024, publicadas no BOPPO núm. 206, do 22 de outubro de 2024. Así mesmo, advertido un erro de feito no apartado 6.2.1.d) das bases reguladoras, procedeuse á súa corrección no acordo plenario núm. 16.8311, adoptado na sesión ordinaria de 29 de novembro de 2024, publicado no BOPPO núm. 240, do 11 de decembro de 2024. Do mesmo xeito, o apartado quinto das bases reguladoras foron obxecto de modificación no acordo plenario extraordinario núm. 2.8369, adoptado na sesión extraordinaria de 07 de marzo de 2025, publicado no BOPPO núm. 51, polo que se acorda incrementar o crédito inicial en 2.799.316,56 € con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.84, así como suprimir o segundo apartado da mencionada base quinta que di: “*O Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra non poderá ser obxecto de prórroga*”.

VII. Que ao abeiro de dita convocatoria, mediante o acordo plenario núm. 3.8370 adoptado na sesión extraordinaria do 07 de marzo de 2025, concedeuse unha subvención, polo procedemento de concorrencia competitiva, ao Concello de Vilaboa, con destino ao financiamento do investimento denominado “HUMANIZACIÓN DA CONTORNA DA CASA DO CONCELLO DE VILABOA (PONTEVEDRA)”.

Segundo a base sétima, apartado 2.g) das Bases reguladoras, tras a resolución definitiva asinarase un convenio cos concellos beneficiarios, no que se definirán as



actuacións obxecto de subvención, e estableceranse de maneira pormenorizada os seus deberes.

VIII. Que a execución do investimento referido, resulta do interese de ambas administracións, polo que, de acordo coas precedentes consideracións e para o desenvolvemento da colaboración entre ambas institucións, acordan aprobar o presente convenio de colaboración no marco do Plan provincia Extraordinaria – Plan Extra, que asinan agora os que aquí interveñen, con arranxo ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vilaboa para levar a cabo a execución do investimento denominado “HUMANIZACIÓN DA CONTORNA DA CASA DO CONCELLO DE VILABOA (PONTEVEDRA)” no marco do citado Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.

SEGUNDA. FINANCIAMENTO

O custo total da actuación ascende a 987.566,65€ (IVE incluído) e o seu financiamento detállase na seguinte táboa:

Deputación	700.000,00€	70,88 %
Concello de Vilaboa	287.566,65€	29,12 %
Total	987.566,65€	

A contía máxima a financiar pola Deputación, recollida na táboa, imputarase contra a aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.84.2024 do vixente orzamento provincial.

Pola súa banda, a cantidade a financiar polo Concello financiarase contra a correspondente aplicación do orzamento municipal ou con outro tipo de axudas que a entidade local poida obter.

TERCEIRA. EXECUCIÓN

1º. O persoal encargado da dirección das obras será nomeado pola entidade local contratante, debendo dárselle conta á Deputación unha vez producida a dita designación. Calquera cambio na dirección técnica seralle igualmente comunicado á institución provincial no momento no que teña lugar.

2º. Formalizado o contrato de obras para a execución do correspondente proxecto, remitirase copia do mesmo á Deputación e comunicarse a esta a data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente a



Deputación, un/ha facultativo/a técnico/a ou representante desta. A copia da acta que se levante seralle remitida á Deputación coa primeira certificación de obra que expida a dirección da mesma, xunto coa fotografía do cartel de obra que acredite a difusión dada ao financiamento outorgado pola Deputación, que será colocado no momento da sinatura da devandita acta.

De conformidade coa base décimo sexta o investimento deberá estar executado na súa totalidade o 31 de outubro de 2026.

3º. O Concello comunicará á Deputación as distintas visitas de obra e, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, o lugar, a data e hora do acto de recepción da obra ou da subministración e, de ser o caso, da inauguración do investimento, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un/ha representante ou facultativo/a desta. A administración municipal remitirá á provincial copia da acta do dito acto de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da certificación final das mesmas.

4º. Formalizado/s, no seu caso, o contrato, e/ou contratos dos servizos complementarios ás obras (asistencias técnicas á dirección de obra, control de calidade e coordinación de seguridade e saúde), remitirase copia dos mesmos á Deputación.

5º. A Deputación poderá inspeccionar a execución das obras obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas cando o considere oportuno, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ás persoas responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

CUARTA. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN E PAGAMENTO

O Concello asume a licitación, dirección, execución e recepción das obras recollidas no correspondente proxecto técnico descritivo das actuacións, e a súa xustificación perante a Deputación.

De conformidade coa base décimo sexta o prazo de xustificación dos investimentos será, en todo caso, ata o 31 de marzo de 2027 (certificación final). O incumprimento deste prazo dará lugar ao inicio do expediente de perda do dereito a cobrar total ou parcialmente a subvención.

O pago ao Concello do importe da subvención realizarase á vista das certificacións de execución das obras ou facturas aprobadas polo órgano municipal competente. O Concello poderá presentar xustificacións parciais que se axusten ao ritmo de execución do investimento.

As certificacións ou facturas que se deberán presentar na sede electrónica da Deputación acompañaranse da seguinte documentación:

- A primeira certificación ou factura acompañarase de:
 - Acta de trazado previo (anexo V).



- O acordo do órgano competente do concello no que se aprobe o proxecto técnico do investimento incluído no plan, no caso de non terse presentado.
 - Acreditación da concesión das autorizacións sectoriais, licenzas ou permisos pertinentes, no caso de non terse presentado.
 - A certificación do acordo ou da resolución de adxudicación do contrato e da aprobación do expediente de contratación, no caso de non presentarse con anterioridade.
 - O contrato.
 - Certificación das melloras que no seu caso formen parte do contrato.
 - O nomeamento da directora ou director técnico, se é o caso.
 - A acta de comprobación de replanteo, no caso de que sexa necesaria.
 - O acordo municipal de aprobación da certificación de obra e da factura correspondente.
 - A acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación, mediante fotografías do cartel de obra.
- As certificacións seguintes acompañaranse do acordo municipal de aprobación da/s certificación/s correspondente/s coas súas facturas e do informe do director facultativo, se fose necesario.
- Coa última certificación achegarse:
- O acordo municipal de aprobación da certificación de obra e a súa factura.
 - A acta de recepción, cuberta de acordo co disposto na normativa de contratos.
 - Unha nova acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación, mediante a fotografías do cartel de obra.
 - Unha certificación da funcionaria ou funcionario público competente do conxunto de axudas concedidas por esta Deputación, por outras administracións públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade.
 - Un informe de fin de obra da dirección facultativa, independentemente de que haxa ou non variación na execución ou certificación con respecto ao proxecto presentado. Neste explicaranse e xustificaranse as variacións e toda incidencia que deba ser resaltada.
 - Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación dos investimentos ou que se considere necesaria para a comprobación da súa correcta execución.
 - Xustificación das melloras ofertadas

As certificacións de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificados polos servizos técnicos



provinciais. As actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación.

A comprobación material do investimento definida no parágrafo anterior é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

Unha vez realizada a comprobación formal e material definida nos parágrafos anteriores, a documentación xustificativa acreditativa do gasto será fiscalizada pola Intervención provincial antes de ser aprobada e pagada.

A non xustificación ou a xustificación fóra de prazo dará lugar ao inicio do expediente de perda, total ou parcial, do dereito de cobro da subvención correspondente.

QUINTA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Non se permitirán aquelas modificacións do convenio que contraveñan o disposto nas Bases reguladoras e na normativa que lle sexa de aplicación.

O Concello deberá remitir á Deputación a solicitude xustificada de modificación do convenio de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación suficiente á finalización do prazo de execución concedido.

A Deputación analizará a viabilidade da modificación e autorizará, no seu caso, a sinatura da addenda, previa instrución do correspondente expediente. O Concello deberá remitir a documentación técnica e administrativa que a Deputación lle requira para a tramitación da modificación. Unha vez autorizada e aprobada a modificación por ambas partes, firmárase a correspondente addenda.

A modificación non poderá afectar en ningún caso ao importe máximo da achega da Deputación.

SEXTA. MODIFICACIÓN DOS CONTRATOS

Se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente da entidade. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará a modificación e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

As modificacións financiaranse co importe das baixas que se produzan no proceso de adxudicación dos contratos. O importe das baixas non aplicadas aplicarase proporcionalmente entre a Deputación e o Concello. No caso de non existir ou de ser o importe da modificación superior ao importe da baixa, financiarase coa achega do Concello ou coas doutros entes públicos.

Tamén se poderán financiar co importe das baixas de adxudicación, ademais de con achegas do Concello ou doutros entes públicos, os excesos de medicións acordados á lexislación de contratos.

A revisión de prezos, cando supoñan un incremento dos custos acordos á lexislación vixente, tamén se poderá financiar co importe das baixas de adxudicación e, de supoñer un importe superior, o importe restante correrá a cargo do Concello.

Non se autorizará o reinvestimento de baixas nin para o mesmo proxecto nin para actuación complementarias, excepto polo disposto nos parágrafos anteriores. No caso de existir una parte cofinanciada polo Concello que proceda do Plan +Provincia da Deputación de Pontevedra, unicamente se permitirá o reinvestimento noutras actuacións cando o importe sobrante que lle corresponda sexa igual ou superior a vinte mil (20.000,00) euros, para o cal se deberá tramitar un novo expediente para a súa concesión como subvención, sen prexuízo da suxeición á normativa aplicable que volverá a rexer os fondos segundo o plan ou programa do que proveñan.

En calquera caso, o réxime de modificación acomodarse ao disposto na normativa aplicable en materia de contratación do sector público e nas Bases reguladoras.

SÉTIMA. COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello, de conformidade co disposto nas Bases, obrígase a:

- Financiar a realización das obras, segundo a distribución disposta na cláusula quinta.
- Contratar, licitar, executar, controlar e recibir a obra consonte ao correspondente proxecto técnico.
- Contratar, de ser o caso, os servizos complementarios ás obras (asistencias técnicas á dirección de obra, control de calidade e coordinación de seguridade e saúde).
- Remitir, unha vez formalizados os contratos correspondentes, unha copia destes á Deputación Provincial.
- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio e ao financiamento por parte da Deputación para a actuación subvencionada, de conformidade coas obrigas en materia de publicidade recollidas nas Bases reguladoras.
- Realizar as actuacións que fundamentan a concesión das subvencións nos prazos sinalados nas citadas Bases.
- Levar a cabo o mantemento e conservación dos bens obxecto do convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obras coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.
- Destinar o importe das subvencións outorgadas ao cumprimento total das finalidades que fundamentan a concesión das subvencións.



- Comunicar á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, estatais ou internacionais, con expresión da súa contía.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que determine a Deputación de Pontevedra, achegando canta información lles sexa requirida no prazo que estableza a institución provincial.
- Calquera outra obriga disposta polas Bases reguladoras, no presente convenio ou pola normativa vixente aplicable.
- Cumprir coas obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén lle será de aplicación o recollido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e no seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Pola súa banda, a Deputación comprométese a:

- Financiar a realización dos investimentos, achegando como máximo a contía establecida na cláusula quinta, unha vez cumpridas todas as obrigas xustificativas contidas neste convenio.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e da Resolución Presidencial núm. 2017008767 de 8 de maio de 2017.

OITAVA. PUBLICIDADE

Segundo a base décimo oitava, o Concello deberá darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación para a actuación subvencionada. Para estes efectos deberá:

- Facer constar en todas as accións de comunicación ou publicidade o apoio dado pola Deputación.
- Acreditar a publicidade desde o inicio da obra, indicando as accións de comunicación realizadas, as fotos e demais documentación que se considere necesaria.
- Incluír no prego de cláusulas ou na documentación que rexe a contratación unha cláusula na que conste a obriga da ou do contratista de poñer, desde o inicio das obras ata a súa total terminación e comprobación material por parte da Deputación, un cartel informativo que indique que se trata dunha obra subvencionada pola institución provincial.



- Facerse cargo económica e fisicamente dos carteis das obras que se realicen e da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía. Estes carteis colocaranse nun lugar suficientemente visible.
- Comunicarlle á Deputación as distintas visitas de obra e, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, o lugar, a data e hora do acto de recepción da obra ou da subministración e, de ser o caso, da inauguración do investimento.

Os modelos normalizados dos carteis e outras formas de publicidade que deben incluírse nos investimentos atópanse en www.depo.gal.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos e para garantir o dereito da cidadanía a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da LXS.

NOVENA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONS

As subvencións que se concedan no marco destas bases admiten a compatibilidade con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade, tanto as outorgadas por esta Deputación coma por outras administracións públicas, incluídos os fondos comunitarios, sempre que o importe destas, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo da actuación subvencionada.

Para estes efectos e de conformidade co disposto no artigo 14.1.d) da LXS e no artigo 33 do seu Regulamento, unha das obrigas do beneficiario é comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as finalidades subvencionadas.

En caso de que se obteña financiamento adicional, este considerarase que reverte no 100 % da achega municipal.

DÉCIMA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio, e tamén para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte o deputado-delegado de Cooperación Municipal da Deputación, quen ostentará a presidencia da Comisión, e o/a alcalde/sa-presidente/a do Concello, ou as persoas nas que deleguen, e polo menos un funcionario ou técnico de cada administración.



Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten de ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste das achegas económicas do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución dos contratos a que este se refire.
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

Esta Comisión reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións celebraranse no lugar que de común acordo dispoñan as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao/á seu/súa secretario/a que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMA PRIMEIRA. VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actuacións a que o mesmo se refire e a súa xustificación. Os investimentos deberán estar executados na súa totalidade o 31 de outubro de 2026. En todo caso, o prazo de xustificación será ata o 31 de marzo de 2027.

DÉCIMA SEGUNDA. EXTINCIÓN

O convenio extinguirse polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- O acordo unánime dos asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Polo incumprimento das condicións de concesión da subvención ou de outras recollidas nas Bases reguladoras do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.



DÉCIMA TERCEIRA. PERDA DO DEREITO A COBRO E/OU REINTEGRO

Segundo a Base vixésimo primeira, procederáase ao reintegro e/ou perda do dereito de cobro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, de conformidade coas Bases, nos termos fixados na normativa de subvencións e, de modo particular, nos artigos 36 e seguintes da LXS.

Serán causas específicas de perda do dereito de cobro ou reintegro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, ademais das xerais, o incumprimento da normativa de contratos e o incumprimento da obriga de comunicar outras axudas.

DÉCIMA CUARTA. LEXISLACIÓN APLICABLE E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa e rexeráase polas cláusulas establecidas nel; pola LXS e polo RLXS; pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e polas restantes normas de dereito administrativo; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; as bases de execución dos orzamentos das administracións asinantes; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación; e polas restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento, as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución das posibles controversias que puidera suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E, como proba de conformidade, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

O presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, D. Luis López Diéguez

O alcalde-presidente do Concello de Vilaboa, D. César Poza González

O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, D. Carlos Cuadrado Romay

